



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Historia da educación	Código	652G03011	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	Correo electrónico	jose.malheirog@udc.es	
Profesorado	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	Correo electrónico	jose.malheirog@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Historia da Educación é unha materia obrigatoria no segundo curso do Grao de Educación Social cun peso de seis créditos. O obxectivo central da asignatura consiste en comprender a natureza histórica dos feitos educativos, dentro e fóra da escola como institución; dos procesos de alfabetización e escolarización que se deron a partir do século XIX, nomeadamente en Galicia, así como dos factores que explican o seu desenvolvemento. Centra o seu interese na clarificación de conceptos, na contextualización histórica dos fenómenos estudados e na interrelación que se establece entre os modelos educativos e os sistemas políticos en cada época histórica co obxecto de que o alumnado sexa quen de situar axeitadamente o pasado nas súas coordenadas espaciais e temporais a fin de axudarlle a comprender o presente.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
<p>Coñecer, comprender e discutir criticamente, de forma autónoma e colectiva, os fundamentos sociais da historia da educación e da memoria escolar, así como a elección de materiais e recursos que favorezan o desenvolvemento integral e a construción dun pensamento crítico, tanto en alumnado como no profesorado. Establecer relacións sociais baseadas na cooperación, a equidade e a xustiza social; tratando de comprender, a partir da procura e discusión de información adecuada e reflexionar criticamente sobre os valores que acompañan ás prácticas docentes deseñadas e/ou desenvolvidas, así como actuar para a transformación e mellora das mesmas na dirección do cambio social.</p>	A2	B1	C1
	A5	B2	C3
	A14	B5	C4
	A16	B6	C7
	A20		C8
<p>Coñecer, comprender e discutir criticamente de forma autónoma e colectiva os procesos fundamentais da historia relacionados co noso sistema educativo, apoiados no desenvolvemento da cooperación, a democracia e a necesidade de procesos de investigación na acción participante permanentes para a transformación social; sabendo buscar fontes de información adecuadas para a reflexión sobre as mesmas que lle permitan ser capaz de xerar procesos que contribúan á deconstrución de tales procesos do pasado para comprender o presente.</p>			
<p>Coñecer, analizar e discutir fontes de información básicas para o contido desta materia, sendo capaz de abordar de forma autónoma a responsabilidade das súas aprendizaxes e traballar en equipo con compañeiros e compañeiras; contribuíndo a facer da aula universitaria unha comunidade de aprendizaxe educativa; xerando procesos de procura, selección e discusión de fontes de información adecuados, tanto individuais, como colectivos; baseados na reflexión crítica que lle permitan deconstruír tanto as contornas de ensino-aprendizaxe deseñados e ofrecidos para o desenvolvemento da súa profesión, as experiencias de formación inicial respecto diso nas que están inmersos como estudantes universitarios, como as propias experiencias escolares temperás vividas como alumnos e alumnas no sistema educativo.</p>			



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Os sistemas educativos nacionais.	Xénese, estrutura e funcións.
2. O sistema educativo en España. Os modelos oficiais e outras formas de alfabetización e de escolarización	Xénese, evolución histórica e lexislación educativa. As clases populares e outros modelos de escola.
3. O pensamento pedagóxico contemporáneo.	Os pioneiros da escola contemporánea. A Escola Nova. Teorías educativas socialistas, marxistas, anarquistas e libertarias. As pedagogías críticas. Planteamentos pedagóxicos antiautoritarios. As correntes críticas á institución escolar.
4. A cultura escolar.	Dimensión científica, política e empírica.
5. Xenealoxía da profesión docente.	Evolución histórica da formación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A5 A14 C1	10	5	15
Lecturas	A2 A16	0	35	35
Recensión bibliográfica	B1 B2	5	15	20
Sesión maxistral	A20 B5 B6	15	15	30
Proba de ensaio	A5 A14 B1	3	13	16
Traballos tutelados	B1 C3 C4 C7 C8	14	0	14
Atención personalizada		20	0	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
---------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>O proceso para a elaboración do traballo de investigación que cada alumno ou alumna debe realizar, así como os diferentes traballos colaborativos en pequeno grupo terán unha atención permanente e no seu caso persoalizada coa finalidade de manter o apoio e o seguimento regular e individualizado necesarios nas diferentes propostas de aprendizaxe.</p> <p>Aínda que non é obrigatoria a asistencia ás titorías, o profesor estará dispoñible o seu horario de atención ao alumnado de xeito regular, semanalmente, para resolver as dificultades que o seu traballo planteen. É preferible solicitar previamente a titoría. Nota importante: o profesor non avaliará aqueles traballos que non foran previamente tutelados e dos que non se teña constancia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A5 A14 C1	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.	10
Lecturas	A2 A16	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.	5
Proba de ensaio	A5 A14 B1	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	20
Recensión bibliográfica	B1 B2	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.	5



Traballos tutelados	B1 C3 C4 C7 C8	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>	60
---------------------	----------------	--	----

Observacións avaliación



- A puntualidade, a regularidade da asistencia ás sesións de clase así como o interese amosado, a actitude diante da materia e das actividades, e a participación e colaboración serán aspectos obxecto de avaliación. Sendo así, o alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia deixa de considerarse asistente pasando a ser avaliado seguindo os criterios do alumnado non asistente.

- Aqueles alumnos ou alumnas que por causas excepcionais non poden asistir regularmente ás clases presenciais, ás interactivas ou a ambas, é necesario que o xustifiquen debidamente para poder ter dereito a unha avaliación axustada ás súas necesidades, evitando agravios co resto do alumnado. Estas circunstancias deben ser expostas ao profesor, convenientemente, para poder estudar a mellor opción en cada caso en beneficio do alumno ou alumna e o seu dereito á aprendizaxe en igualdade de condicións.

- O alumnado regularmente asistente será avaliado segundo a proporción que segue:

Traballo individual de

investigación. Traballo tutelado polo profesor sobre a proposta temática que se faga a comezo de curso, relacionada cos contidos teóricos da materia, mediante o cal se pon en práctica aspectos fundamentais das metodoloxías descritas e se promoven as respectivas competencias. Constará dunha parte de revisión bibliográfica e outra de traballo de campo. (60%);

Proba escrita tradicional. Que se desenvolverá sobre os contidos da materia na data sinalada oficialmente. (20%);

Traballos

colectivos. Ao longo do cuatrimestre, o alumnado realizará unha serie de traballos en pequeno grupo, referidos aos diferentes bloques temáticos, seguindo a proposta do profesor. (10%),

Aspectos actitudinais. Considérase importante a atención do alumnado aos seguintes aspectos: regularidade na asistencia, puntualidade no comezo das sesións de clase,

interese pola proposta de contidos e a metodoloxía para abordalos; así como tamén a súa participación na clase, a súa colaboración nos traballos individuais e colectivos. (10%).

Ter superado o traballo

individual é requisito indispensable para aprobar a materia en primeira convocatoria malia ter aprobado o exame incluso coa máxima puntuación (20%).

-Para poder ser avaliado, cada alumno ou alumna debe ter entregado os traballos (individuais ou colectivos) propostos, en tempo e forma. En caso contrario, considérase NON PRESENTADO. Do mesmo xeito, é conveniente que se utilicen as horas de atención ao alumnado para solventar dificultades relacionadas co desenvolvemento dos traballos individuais ou colectivos, coa marcha da materia, aclarar dúbidas, etc.

-O alumnado que teña recoñecida dedicación ao estudo a tempo parcial deberá informar debidamente ao profesor a efectos de poder adaptar a súa situación ás esixencias curriculares da materia; e de poder cumprir os criterios de avaliación aos que se someta o resto do alumnado para poder garantir unha igualdade de condicións no proceso de aprendizaxe e na avaliación da materia.

- O alumnado de segunda oportunidade deberá realizar unha proba obxectiva que contará o 100% da cualificación.-

No caso de estudantes con discapacidade, e dependendo da mesma, arbitraranse as probas oportunas contando co asesoramento da Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI).



Bibliografía básica

- Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid, Dykinson
- Barreiro, H.; Terrón, A. (2005). La institución escolar. Una creación del estado moderno. Barcelona, Octaedro
- Beltrán, F. (1991). Política y reformas curriculares. Valencia, Universitat de Valencia
- Carbonell, J. (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona, Octaedro
- Carreño, M., Colmenar, C., Egido, I., Sanz, F. (2000). Teorías e institucións contemporáneas da educación. Madrid, Síntesis
- Centro de investigación, documentación y evaluación (1992). El sistema educativo español. Madrid, centro de publicaciones del MEC-CIDE
- Colom, A. J. (Coord.) (1997). Teorías e institucións contemporáneas da educación . Madrid, Ariel
- Costa, A. (2004). Historia da educación e da cultura en Galicia. Vigo, xerais
- Dávila Balsera, P., Naya Garmendia, L. M. (2005). ¿Los derechos de los niños y las niñas en los tratados internacionales. Tres momentos históricos?, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.): La infancia en la Historia: espacio y representaciones.. Donosti, Espacio Universitario /EREIN
- Delors, J. (Dir.) (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid, Santillana
- Dewey, J. (1995). Democracia y educación. Madrid, Morata
- Escolano Benito, A. (2002). La educación en la España contemporánea. Madrid, Biblioteca Nueva
- Escolano Benito, A. (2002). ¿La educación en la España de la Restauración y la Segunda República?, en . Madrid, UNED
- Espigado Tocino, G., Gómez Fernández, J., Pascua Sánchez, Mª J., Sánchez Villanueva, J. L., Vázquez (2013). La Constitución de Cádiz. Genealogía y Desarrollo del sistema educativo liberal. (Actas). Cadiz, Universidad de Cádiz
- Esteve, J. M. (1994). El malestar docente. Barcelona, Paidós
- Etxeberría, F. (2000). Políticas educativas de la Unión Europea. Madrid, Ariel
- Fernández Enguita, M. (1996). La escuela a examen. Madrid, Pirámide
- Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid, Morata
- Fernández Soria, J. M. (2002). Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid, Síntesis
- Filho, L. (1964). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires, Kapelusz
- Freinet, C. (1992). Técnicas Freinet de la Escuela Moderna. Madrid, Siglo XXI
- De Gabriel, N. (2001). "El republicanismo coruñés en la historia". Republicanismo e educación, A Coruña, Concello da Coruña, . 257-266
- De Gabriel, N. (2001). ¿La Revolución Francesa, Condorcet y la educación española?, en Condorcet, Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos. pp. 11-46.. Madrid, Morata
- De Gabriel (2005). "A Historia da educación en tempos postmodernos". Sarmiento, N. 9, p. 105-130
- De Gabriel, N. (2006). "Formas de enseñar y modos de aprender en la escuela tradicional", en Escolano Benito, A: Historia ilustrada de la escuela en España : dos siglos de perspectiva histórica, p. 171-195 . Madrid, Fundación Germán Sánchez
- De Gabriel, N. (2006). Ler e escribir en Galicia : a alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX.. A Coruña : Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
- De Gabriel, N. (2008). Elisa e Marcela : alén dos homes . Vigo, Nigratrea
- Gabriel, Narciso de (2014). As escolas, a escolarización e a alfabetización. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico)
- Gabriel, P., Pomés, J., Fernández Gómez, F. (Eds.) (2013). España Res publica. Nacionalización española e identidades en conflicto (siglos XIX y XX). Granada, Comares
- Gallego, Ferrán (2014). El evangelio fascista. La formación de la cultura política del franquismo (1930-1950). Barcelona, Crítica
- González Fernández, A. (2005). ¿El Protectorado del niño delincuente, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.): La infancia en la Historia: espacio y representaciones. Donosti, Espacio Universitario /EREIN
- Iglesias Galdo, A., Rivas Barrós, S. (2005). ¿Minoría de edad y responsabilidad penal en el Siglo XIX?, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.) : La infancia en la Historia: espacio y representaciones. . Donosti, Espacio Universitario /EREIN,
- Llopis, R. (2005). La revolución de la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza. Madrid,



Biblioteca Nueva

- López Cobo, A (2007). ¿Por caminos de piedra, charcos y olvido. Repertorios de la cultura universal: las Misiones Pedagógicas de la II República española?. Pandora, Revue d'Études hispaniques et Hispano-Américaines nº 7
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel (2014). A resposta das clases populares ás eivas educativas na galiza de entreséculos. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico)
- Marco, Aurora (2014). Mulleres e educación na Galiza. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico)
- Pereira, D. (1998). ¿A proposta cultural dos anarquistas coruñeses (1890-1936): do ¿Centro de Estudios Germinal? aos Ateneos libertarios?, en Sindicalistas e rebeldes. Vigo, A Nosa Terra
- Puelles Benítez, M. de (1980/1991). Educación e Ideología en la España Contemporánea. Barcelona, Labor
- Puelles Benítez, M. (2002). ¿Estado y educación: una relación histórica?, en Aurora Ruiz (Coord.) La escuela pública. El papel del Estado en la educación. pp. 17-48.. Madrid, Biblioteca Nueva-Escuela Julián Besteiro
- Puelles Benítez, M. (2002). ¿Evolución de la educación en España durante el Franquismo?. Madrid, UNED
- Puelles Benítez, M. de (2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid, Morata
- Redondo, E. e outros (2001). Introducción a la Historia de la Educación. Barcelona, Ariel
- Ruiz Berrio, J. (Dir.) (1997). La educación en tiempos modernos. textos y documentos. Madrid, ACTAS
- Ruiz Berrio, J. (Ed.) (2000). La cultura escolar en Europa, tendencias históricas emergentes. Madrid, Biblioteca Nueva
- Sánchez Arbós, M. (2007). Una escuela soñada. textos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Savater, F. (1997). El valor de educar. Barcelona, Ariel
- Tiana Ferrer, A.; Ossenbach Sauter. G.; Sanz Fernández, F. (2002). Historia de la Educación (Edad Contemporánea). Madrid, UNED
- Swaan, A. de (1992). A Cargo del estado. Barcelona, Pomares-Corredor
- Tiana Ferrer, A. (2009). Por qué hicimos la Ley Orgánica de Educación. Madrid, Wolters Klumer
- Torres Santomé, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata
- Trilla, J. (coord.) (2001). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI. Barcelona, Graó
- Varela, J. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid, La Piqueta
- Varela, J. (2007). Las reformas educativas a debate. Madrid, Morata
- Viñao Frago, A. (2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid, Marcial Pons
- Luis M. Calvo Salgado, Itziar López Guil, Vera Ziswiler, Cristina Albizu Yeregui (2009). Migración y exilio españoles en el siglo XX. Iberoamericana
- Sánchez Blanco, L. (2008). ¿Auxilio social y la educación de los pobres: del franquismo a la . Foro de educación, nº 10
- (). .
- Depaepe, M. (2006). Vieja y nueva historia de la educación. Barcelona, Octaedro
- Puelles Benítez, M. (2004). Estado y educación en la España liberal (1809-1857). Un sistema educativo nacional frustrado. Barcelona, Pomares
- Guereña, J-L., Ruiz Berrio, J., Tiana Ferrer, A. (Eds.) (2010). Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los siglos XIX y XX. Madrid, ME-IFIIE
- Oseenbach Sauter, G., Puelles benítez, M. (Eds.) (1991). La Revolución Francesa y su influencia en la educación en España. Madrid, UNED
- Puelles Benítez, Manuel (1988). Textos sobre la educación en España (siglo XIX). Madrid, UNED
- Viñao Frago, A. (1982). Política y educación en los orígenes de la España Contemporánea. Madrid, Siglo XXI
- Montesino, P. (2006). "Educación pública", en Pablo Montesino, Liberalismo y educación del pueblo, pp. 119-125. . Madrid, Biblioteca Nueva,
- José Luis Cuerda (película) (1999). A lingua das bolboretas .
- Gonzalo Tapia (2006). Las Misiones Pedagógicas.
- Victoria Martínez e Arturo Villacorta (2004). La República de los maestros .
- Basilio Martín Patino (1971). Canciones para después de una guerra.



- José María Gutiérrez Santos (1978). Arriba Hazaña.
 - Iñaki Pinedo e Daniel Álvarez (2006). La escuela fusilada.
 - Xoán Carlos Garrido (2006). A derradeira lección do mestre.
 - Javier Ortega (2008). La Sección Femenina.
 - Teo Manuel Abad (2008). Flores Tristes.
 - Víctor Coyote (2008). Afranio.
 - Ken Loach (). Tierra y libertad.
 - Memoria do 36. Morte, depuración e exilio do profesorado de Galicia provocados polo franquismo ().
http://vello.vieiros.com/vieirosdaescola/index_13.html.
 - El golpe de estado, la Guerra Civil y la represión franquista (). <http://www.youtube.com/watch?v=ZpTdR-OBeyo>.
 - Lss ilusiones perdidas (). <http://www.youtube.com/watch?v=qXhxnqMHZU>.
 - Franco, la verdadera historia (). <http://www.youtube.com/watch?v=MSP9NYQ1EIs>.
 - Santos Juliá (2014). Nosotros, los abajo firmantes. Una historia de España a través de manifiestos y protestas. Barcelona, Galaxia Gutemberg
 - Pérez Ledesma, M. (2007). De súbditos a ciudadanos. Una historia de la ciudadanía en España. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales
 - Botti, A., Montero, F., Quiroga, A., (Eds.) (2013). Católicos y patriotas. Religión y nación en la Europa de entreguerras. Madrid, Sílex
 - Viñao Frago, A. (2014). Religión en las aulas. Una materia controvertida. Madrid, Morata
 - Escolano Benito, A. (Dir.) (1992). Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización. Madrid; Salamanca, Fundación Germán Sánchez Ruipérez
 - Narganes de Posada, M. J. (2013). Vicios de la instrucción pública y otros textos. Madrid, Biblioteca Nueva
 - Julio de la Cueva, F. M. (2009). Laicismo y catolicismo. El conflicto político-religioso en la Segunda República. Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá
 - Malheiro Gutiérrez, X. M. (2012). ¿A emigración galega a América: sociabilidade, política cultura e educación?.. Revista Galega de Educación, nº 53
 - Malheiro Gutiérrez, X. M. (2012). ¿El fenómeno de la emigración en Galicia: del obrero emigrante al ciudadano acogedor...¿lecciones aprendidas??. Migraciones, nº 31
 - Gallego, F. (2014). El evangelio fascista. La formación de la cultura política del Franquismo (1930-1950). Barcelona, Crítica
 - Malheiro Gutiérrez, X. M. (2013). ¿Do gobernar es poblar? ao educar es argentinizar?: emigrantes e educación na Arxentina finisecular?. sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, nº 17
 - Viñas, Á. (2015). La otra cara del caudillo. Mitos y realidades en la biografía de Franco. Barcelona, Crítica
-



Bibliografía complementaria

- (). .
- Alumnos de la escuela de Barbiana (1982). Carta a una maestra. barcelona, Hogar del libro
- (). .
- De Gabriel, N. (2007). "O soño da escola pública". Revista galega do ensino, N. 49, p. 50-56
- Baudelot, Ch., Establet, R. (1976). La escuela capitalista en Francia. Madrid, siglo XXI
- Neill, A. S. (1979). Summerhill. Un punto de vista radical en la educación de los niños. México, F.C.E
- Ariés, P. (1987). ¿De la familia medieval a la familia moderna?, en El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen. Madrid, Taurus
- Pennac, D. (2009). Mal de escola. Vigo, Xerais
- Pestalozzi, J. H. (2009). Como Gertrudis enseña a sus hijos: ensayo de cartas con directivas de madres que enseñan a sus hijos (1801). Barcelona, PPU
- Reimer, E. (1976). La escuela ha muerto. Barcelona, Barral
- Rousseau, J. J. (1984). Emilio o de la educación. México, Porrúa
- Sánchez Arbós, M. (2007). Una escuela soñada. textos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Sopena Monsalve, A. (1994). El florido pensil. Barcelona, Grijalbo
- Montessori, M. (1994). Ideas generales sobre el método. Madrid, Cepe
- Montessori, M. (2003). El método de la pedagogía científica aplicado a la educación de la infancia. Madrid, Biblioteca Nueva
- Aldecoa, J. (1991). Historia de una maestra. Madrid, Anagrama
- Bourdieu, P. Passeron, J. (2001). La reproducción: elementos para una teoría del sistema de enseñanza. Madrid, Popular
- Cela, J., Palou, J. (1994). Con voz de maestro. Madrid, Celeste
- De Mause, L. (1982). Historia de la infancia.
- Decroly, O. (2007). La función de globalización y la enseñanza y otros ensayos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Delgado, B. (1982). Historia de la infancia. Barcelona, Ariel
- Delval, J. (2000). Aprender en la vida y en la escuela. Madrid, Morata
- Delval, J. (2002). La escuela posible. Barcelona, Ariel
- Freinet, C. (1973). Parabolas para una pedagogía popular. Barcelona, Laia
- Freire, P. (1992). Pedagogía del oprimido. Madrid, Siglo XXI
- Illich, I. (1974). La sociedad desescolarizada. Barcelona, Seix Barral
- Illich, I. (1978). Un mundo sin escuelas. México, Nueva Imagen
- Makarenko, A. S. (1967). Poema Pedagógico. Barcelona, Planeta
- De Gabriel, N. (2001, pp. 11-46.). ¿La Revolución Francesa, Condorcet y la educación española?, en Condorcet, Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos. Madrid, Morata
- mancebo, M. F. (2008). La España de los exilios. Un mensaje para el siglo XXI. Valencia, Universitat de Valencia
- Pons Pons, J., Silvestre Rodríguez, J. (Eds.) (2010). Los orígenes del Estado del Bienestar en España, 1900-1945: los seguros de accidentes, vejez, desempleo y enfermedad. Zaragoza, Universidad de Zaragoza
- Hernández Laille, M. (2010). Darwinismo y manuales escolares en España e Inglaterra en el siglo XIX (1870-1902). Madrid, UNED
- Escolano Benito, A. (Ed.) (2007). La cultura material de la escuela. En el centenario de la Junta para la Ampliación de Estudios, 1907-2007. Berlanga de Duero, CEINCE
- Fernández Prieto, L./Nomes e Voces (Eds.) (2012). Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX. De España a América, debates para una historiografía
- Cocho, F. (2011). Guerra Civil. Que pasou en Galicia e en España. Vigo, Xerais
- El cabezota (1982). Francisco Lara Polop .
- Martínez Rus, A. M. (2003). La política del libro durante la Segunda República. Socialización de la lectura. Xixón, Trea
- Chomsky, N. (1993). Sobre o poder e a ideoloxía. Santiago de Compostela, Edicións laiovento
- Nóvoa, A. (2015). Carta a un joven historiador de la educación. Historia y Memoria de la educación, nº 1



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- As datas de entrega dos traballos son propostas con antelación suficiente para a súa realización, polo que, logo de seren consensuadas no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais coa debida xustificación, estas son inamovibles. - Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos propostos. - Os traballos escritos presentaránse paxinados, grapados e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor) e, de ser posible, impresos a dúas caras. Non é necesario entregalos encadernados, con fundas de plástico, aneis ou deseños similares. É aconsellable gardar unha copia dixital do orixinal que se entregue. - O calendario de titorías está exposto no lugar oficial da web da Facultade e na cortiza de anuncios da porta do despacho. (Despacho P0B16, Telf. 981167100 Ext. 4615)

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías